

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir non "Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

ORDE do de marzo de 2023 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

TEXTO:

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modifica os artigos 134 e 135 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, relativos á selección da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas nesta lei, os requisitos para ser persoas candidatas á dirección e o procedemento de selección. No artigo 134.1.c) establécese que as Administracións educativas poderán considerar como requisito a formación á que se refire o apartado 6 do artigo 135, opción que se recolle na presente orde.

No artigo 133 establécese que a selección e nomeamento das direccións nos centros públicos efectuarase mediante concurso de méritos entre persoal docente de carreira que imparta algunha das ensinanzas encomendadas ao centro e que se realizará de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

A selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establécese no Decreto 222/2022, do 7 de decembro (DOG do 11 de xaneiro de 2023) que derroga o Decreto 29/2007.

Procede convocar concurso de méritos para seleccionar as direccións dos centros que rematan o seu mandato no actual curso académico 2022-2023 e non solicitaron a correspondente prórroga e aquelas direccións que rematan o seu mandato de carácter extraordinario ou accidental.

Na súa virtude, esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

ACORDA:

Artigo 1. Convocatoria

Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear as direccións dos centros docentes públicos onde se imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se relacionan no anexo I desta orde.

A selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Artigo 2. Requisitos para ser persoa candidata á dirección

2.1. Para participar neste concurso de méritos para ser nomeada directora ou director dun centro docente público dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser persoal funcionario de carreira dun corpo docente a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluído o corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional.

b) Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como persoal funcionario na función pública docente con nomeamento nun dos corpos aos que se fai referencia na subepígrafe anterior.

c) Ter exercido funcións docentes como persoal funcionario, durante un período de polo menos cinco anos, nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro ao que se opta. Para estes efectos, considéranse as mesmas ensinanzas a educación infantil e a educación primaria.

d) Estar prestando servizos nun centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e depender organicamente desta. Tamén poderán presentarse aquelas persoas en situación de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares ou en excedencia voluntaria, sempre que se estivese nunha destas situacións por resolución da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e ao 1 de xullo de 2023 se reúnan os requisitos para reingresar no servizo activo.

e) Posuír unha certificación acreditativa de ter superado un curso de formación sobre competencias para o desenvolvemento da función directiva impartido pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o Ministerio de Educación e Formación Profesional ou polas Administracións educativas das restantes Comunidades Autónomas con validez en todo o territorio nacional.

Serán, así mesmo, válidas a superación dos cursos organizados por persoas físicas ou xurídicas determinadas por unha Administración educativa, sempre que conste expresamente que foron

autorizados para os efectos establecidos no artigo 135.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Estarán exentas de acreditar a superación deste programa de formación sobre o desenvolvemento da función directiva as persoas que acrediten unha experiencia de polo menos catro anos no exercicio da dirección de centros docentes públicos con avaliación positiva do seu traballo.

f) Presentar un proxecto de dirección nos termos previstos no artigo seguinte.

2.2. Para participar no concurso de méritos para ser nomeada/o directora ou director dun centro público específico de educación infantil, dun centro incompleto de educación primaria, nos centros de educación secundaria con menos de oito unidades, nos centros nos que se imparten ensinanzas artísticas profesionais, deportivas, de idiomas ou nos centros específicos de adultos con menos de oito profesores, non se exirán os requisitos establecidos nas letras b), c) e e) do punto 1 desta epígrafe.

2.3. Todos os requisitos enumerados anteriormente, deberán posuírse e ser acreditados na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2.4. O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que preste servizo nos centros que imparten ensinanza secundaria obrigatoria, poderá optar á dirección dos centros docentes nos que se imparte dito nivel educativo sempre que cumpra os requisitos sinalados nos apartados anteriores.

Así mesmo, de conformidade co establecido no punto 2 da disposición adicional cuarta do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, poderá presentarse o persoal docente do corpo de mestres das especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que desempeñasen funcións de atención á diversidade na educación secundaria durante, polo menos, cinco anos, e reúnan os restantes requisitos sinalados nos apartados anteriores.

Artigo 3. Solicitudes e documentación

3.1. A solicitude de participación no concurso de méritos dirixirase á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da provincia correspondente, e poderase imprimir e descargar unha vez formalizados os datos de participación no concurso a través do enderezo web www.edu.xunta.gal/cxt (Anexo III).

Cómpre sinalar que para acceder a este servizo web é preciso dispor dun certificado electrónico, Chave365 ou conta de correo electrónico no dominio [edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal). Aquelas persoas que decidan acceder ao enderezo web coa conta de correo electrónico e non dispoñan dela poderán solicitala a través da páxina web <https://www.edu.xunta.gal/contausuario>.

Xunto coa solicitude achegarase ademais:

a) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica como anexo II a esta orde, agás aqueles que xa consten na base de datos de persoal.

b) Documentación acreditativa de ter superado o curso de formación ou o curso de actualización sobre o desenvolvemento da función directiva, agás que xa conste na base de datos de persoal.

c) O proxecto de dirección que inclúa, polo menos, unha presentación e fundamentación do proxecto, os obxectivos, os plans e as liñas de actuación e a avaliación deste. O proxecto de dirección deberá estar orientado a lograr o éxito escolar de todo o alumnado e deberá incluír, entre outros, contidos en materia de igualdade entre mulleres e homes, non discriminación e prevención da violencia de xénero. De solicitarse máis dun centro deberá presentarse un proxecto específico de dirección para cada centro.

O proxecto de dirección non excederá de 30 folios DIN A4, nun tipo de letra: Times New Roman, tamaño de letra: 12, espazo entre liñas: 1,5.

3.2. Efectuárase unha solicitude por cada centro que se demande ata un máximo de dúas.

3.3. Así mesmo, o persoal participante no concurso de méritos remitirá ao centro ou centros docentes que soliciten unha copia do seu proxecto de dirección. Este proxecto estará a disposición das persoas membros do claustro de profesores e do consello escolar na secretaría do centro durante un período mínimo de 10 días lectivos, no horario que estableza a dirección do centro.

No taboleiro de anuncios da sala de profesorado exporase unha relación das candidaturas presentadas, así como o prazo e o horario en que poderán verse os proxectos de dirección na secretaría.

3.4. A solicitude, xunto coa documentación á que se alude no punto anterior, poderase presentar no rexistro da Xunta de Galicia ou das súas delegacións territoriais, ou en calquera das dependencias ás que alude o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se opte por presentar a súa solicitude ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a solicitude sexa datada e selada polo persoal de Correos antes de ser certificada.

3.5. As persoas aspirantes serán responsables da veracidade da documentación achegada e, conforme se indica no formulario da solicitude, declarando que esa documentación é copia fiel dos orixinais que obran no seu poder, sen prexuízo da posibilidade por parte da Administración de requirirlles en calquera momento a documentación orixinal. No caso de inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato ou documento achegado, isto comportará a perda do dereito á

participación neste proceso, con independencia das responsabilidades que procedesen, conforme dispón o artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.6. Unicamente se terán en conta aqueles méritos debidamente xustificados dentro do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 4.2. desta orde.

Os méritos achegados para a súa valoración deberán posuírse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 4. Prazo de presentación de solicitudes e emenda.

4.1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4.2. Agás a presentación do proxecto de dirección, se a restante documentación achegada non reunise os requisitos exixidos na presente orde, a comisión de selección requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo de 10 días hábiles desde a súa notificación e coa indicación de que, se así non o fixese, non lle serán tidos en conta ou, de ser o caso, realizarase a declaración de desistencia.

Artigo 5. Comisión de Selección

5.1. En cada centro educativo constituirase unha comisión de selección, nomeada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que terá como sede a localidade e local que decida a súa presidencia e que terá a seguinte composición:

a) Dúas persoas pertencentes ao corpo de inspección educativa, designadas pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, unha das cales exercerá a presidencia da Comisión.

b) Un director ou directora en activo en centros que impartan as mesmas ensinanzas que aquel no que se desenvolve o procedemento de selección, cun ou máis períodos de exercicio con avaliación positiva do traballo desenvolvido, designado pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

c) Tres profesores do centro elixidos polo claustro de profesores, de entre os cales se designará o secretario da Comisión. No caso de producirse empate no número de votos, repetirase unha vez a votación e, de persistir o empate, dirimirase por sorteo.

d) Tres membros non docentes do consello escolar elixidos polo propio consello escolar.

No caso de producirse empate no número de votos, repetirase unha vez a votación e, de persistir o empate, dirimirase por sorteo.

5.2. Os alumnos e alumnas que, se é o caso, sexan nomeados como representantes do consello escolar terán que estar matriculados nun curso non inferior a terceiro de educación secundaria obrigatoria.

5.3. En ningún caso, as persoas candidatas á Dirección poderán formar parte da comisión de selección.

5.4. Designarase unha persoa suplente de cada persoa integrante da Comisión de Selección en cada un dos ámbitos de representación, que actuarán en substitución das persoas titulares cando exista causa xustificada que impida a actuación destas.

5.6. Ás persoas integrantes da comisión de selección seranlles de aplicación as normas sobre abstención e recusación previstas nos artigos 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.7. A Dirección do centro comunicará para o seu nomeamento as persoas representantes do claustro e do consello escolar na comisión de selección á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao de remate do prazo de solicitudes establecido no artigo catro desta orde, sen que se teñan en consideración posibles ampliacións deste.

5.8. A non elección das persoas representantes do claustro de profesores ou do consello escolar non impedirá a constitución e o normal funcionamento da comisión de selección.

5.9. A composición da comisión de selección publicarase no taboleiro de anuncios do centro.

Artigo 6. Composición da comisión de selección en determinados supostos

Cando o número de profesorado do centro sexa inferior a catro ou o número de candidaturas á dirección non lle permita ao claustro elixir tres persoas de entre o profesorado, a composición da Comisión de Selección será a seguinte:

a) Unha persoa pertencente ao corpo de inspección educativa designada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que exercerá a presidencia.

b) Un director ou directora en activo en centros que impartan as mesmas ensinanzas que aquel en que se desenvolve o procedemento de selección, cun ou máis períodos de exercicio con avaliación positiva do traballo desenvolvido, designado pola persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación.

c) Dous profesores do centro elixidos polo claustro de profesores, de entre os cales se designará o secretario da Comisión.

d) Dous membros non docentes do consello escolar elixidos polo propio consello escolar.

2. Composición excepcional da Comisión de Selección.

De xeito excepcional, cando non sexa posible nomear a Comisión de Selección de acordo co establecido no punto primeiro deste artigo por non poder nomear dúas persoas integrantes do profesorado do centro por mor das candidaturas presentadas, a composición será a seguinte:

a) Unha persoa pertencente ao corpo de inspección educativa designada pola persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación, que exercerá a presidencia.

b) Un profesor do centro elixido polo claustro de profesores, que será o secretario d Comisión.

c) Un membro non docente do consello escolar elixido polo propio consello escolar.

Artigo 7. Funcións da comisión de selección e procedemento de funcionamento

7.1. Recibidas as solicitudes dirixidas á xefatura territorial, a comisión de selección comprobará que o persoal aspirante reúne os requisitos establecidos nesta orde e notificaralle ao persoal aspirante a admisión ou exclusión da súa petición.

7.2. Contra a exclusión da solicitude, o persoal aspirante poderá presentar reclamación perante a propia comisión seleccionadora, no prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación do rexeitamento da solicitude.

7.3. A comisión de selección valorará os méritos académicos e profesionais de cada persoa aspirante con destino no centro e, se for o caso, das persoas candidatas que non o teñen, de acordo co baremo que se publica como anexo II desta orde.

7.4. A comisión de selección valorará, así mesmo, os proxectos de dirección, de acordo co establecido no baremo que se publica no anexo II desta orde, e poderá ter unha entrevista co profesorado que presentou candidatura se considera necesario clarificar algúns aspectos do proxecto de dirección. Cando a comisión de selección decida a realización desta entrevista, deberá efectuala a todas e cada unha das persoas candidatas.

7.5. A cualificación do proxecto de dirección será a media aritmética das cualificacións de todas as persoas membros presentes da comisión, que deberán deixar constancia por escrito da cualificación outorgada. Cando entre as puntuacións outorgadas polas persoas membros da comisión exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, e calcularase a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

7.6. A comisión de selección publicará no taboleiro de anuncios do centro educativo a puntuación provisional das persoas candidatas á dirección. Contra esta puntuación poderá presentarse reclamación ante a propia comisión no prazo de cinco días hábiles computados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

7.7. Cada persoa membro da comisión elaborará un sucinto informe xustificativo da súa cualificación do proxecto de dirección.

Artigo 8. *Selección do director*

8.1. Transcorrido o prazo de reclamacións e, se é o caso, resoltas estas, a comisión de selección establecerá a puntuación final obtida polo persoal aspirante e seleccionará á persoa candidata que proporá como directora ou director do centro, para o seu nomeamento pola xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

8.2. Para poder ser seleccionada e nomeada para a dirección é necesario obter polo menos seis puntos no proxecto de dirección.

8.3. A selección realizarase considerando primeiro as candidaturas do profesorado do centro, que terán preferencia. En ausencia de candidaturas do centro ou cando estas non superasen a puntuación mínima no proxecto de dirección, a comisión valorará as candidaturas do profesorado doutros centros.

8.4. No caso de se produciren empates na puntuación total das persoas aspirantes, estas dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no proxecto de dirección.
- b) Maior puntuación na epígrafe 2 do baremo.
- c) Maior puntuación na epígrafe 1 do baremo.

8.5. Se unha persoa candidata resultase seleccionada para dous centros, nomearase no centro en que tivese destino definitivo. De non ter destino definitivo en ningún dos centros, será nomeada no centro polo que opte, e procederase a seleccionar e nomear no centro non elixido a outra persoa aspirante que reúna os requisitos con maior puntuación.

Artigo 9. *Recursos*

Contra a decisión da comisión de selección, que resolve definitivamente o concurso de méritos de selección da dirección do centro, poderase interpoñer ~~este~~ recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Artigo 10. *Nomeamento*

10.1. A persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nomeará director do centro a persoa proposta pola comisión avaliadora.

10.2. Os nomeamentos dos directores terán efectos do 1 de xullo de 2023 e por unha duración de catro anos, prorrogables por períodos de igual duración, ata un máximo de tres mandatos, logo de avaliación positiva do traballo desenvolvido al final destes, oído o consello escolar.

10.3. Cando o nomeamento recaia nun funcionario ou ~~persoa~~ funcionaria que non teña destino definitivo no centro, o nomeamento implicará a concesión dunha comisión de servizos.

Artigo 11. *Nomeamento con carácter extraordinario*

Nos supostos de ausencia de persoas candidatas, ou cando a Comisión correspondente non seleccione ningunha persoa candidata, ou nos centros de nova creación, a dirección será nomeada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, oído o consello escolar, por un período de dous anos, entre o profesorado que reúna os requisitos establecidos no artigo 2 desta orde, agás as epígrafes e) e f).

A persoa nomeada deberá realizar a formación para o desenvolvemento da función directiva prevista no artigo 2.1.e) desta orde, agás que xa a posúa ou estivese exenta da súa realización.

Disposición adicional primeira. *Impugnación da orde*

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo de Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Insírase no DOG

ANEXO I

Centros con praza vacante de Dirección para o curso 2023-2024

Código	Centro	Concello	Provincia
15020969	CEIP Plurilingüe Mosteiro de Caaveiro	A Capela	A Coruña
15004988	CEIP Eusebio da Guarda	A Coruña	A Coruña
15005026	CEIP Torre de Hércules	A Coruña	A Coruña
15004964	CEIP Plurilingüe Concepción Arenal	A Coruña	A Coruña
15021536	CEIP Plurilingüe Víctor López Seoane	A Coruña	A Coruña
15004976	CEIP Curros Enríquez	A Coruña	A Coruña
15025025	CEIP San Francisco Javier	A Coruña	A Coruña
15000107	CEIP A Maía	Ames	A Coruña
15013643	CEIP Plurilingüe A Magdalena	As Pontes de García Rodríguez	A Coruña
15013591	CEIP Plurilingüe Santa María	As Pontes de García Rodríguez	A Coruña
15026194	CEIP Plurilingüe A Fraga	As Pontes de García Rodríguez	A Coruña
15021500	CEIP Santa Baia	Boiro	A Coruña
15001847	CEIP Plurilingüe de Pedrouzos	Brión	A Coruña
15002025	CEIP Plurilingüe Eladia Mariño	Cabanas	A Coruña
15002086	CEIP Plurilingüe de Ponte do Porto	Camariñas	A Coruña
15002050	CEIP O Areal	Camariñas	A Coruña
15002165	CEIP Wenceslao Fernández Flórez	Cambre	A Coruña
15023053	CEIP Portofaro	Cambre	A Coruña
15023065	CEIP Gonzalo Torrente Ballester	Cambre	A Coruña
15032426	CEIP Plurilingüe Graxal	Cambre	A Coruña
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	A Coruña
15021354	CEIP Bergantiños	Carballo	A Coruña
15011661	CEIP Manuel Fraga Iribarne	Cariño	A Coruña
15002761	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota	A Coruña
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	A Coruña
15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña
15003248	CEIP Plurilingüe Vila de Cee (ant Eugenio López)	Cee	A Coruña
15003534	CEIP da Barqueira	Cerdido	A Coruña
15003789	CEIP Praia de Quenxe	Corcubión	A Coruña
15003807	CEIP de Bormoio-Agualada	Coristanco	A Coruña
15002670	CEIP Canosa-Rus	Coristanco	A Coruña
15027708	CEIP Plurilingüe Ría do Burgo	Culleredo	A Coruña

Código	Centro	Concello	Provincia
15021810	CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría	Dumbría	A Coruña
15020982	CEIP Plurilingüe O Ramo	Fene	A Coruña
15022981	CEIP Plurilingüe de Centeiras	Fene	A Coruña
15021834	CEIP Manuel Masdías	Ferrol	A Coruña
15021846	CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira	Ferrol	A Coruña
15006699	CEIP Plurilingüe Ángela Ruiz Robles	Ferrol	A Coruña
15008398	CEIP Francisco López Estrada	Mañón	A Coruña
15009391	CEIP Santiago Apóstolo	Mugardos	A Coruña
15009597	CEIP de Vilarmide-Eduardo Noya	Muxía	A Coruña
15022310	CEIP A Gándara	Narón	A Coruña
15025050	CEIP Ramón María del Valle-Inclán	Oleiros	A Coruña
15013230	CEIP As Forcadas	Ponteceso	A Coruña
15013291	CEIP Eduardo Pondal	Ponteceso	A Coruña
15024963	CEIP Plurilingüe de Andrade	Pontedeume	A Coruña
15025281	CEIP de Olveira	Ribeira	A Coruña
15014799	CEIP Plurilingüe de Pumar-Urdilde	Rois	A Coruña
15014829	CEIP Pedro Barrié de la Maza	Sada	A Coruña
15014881	CEIP Sada y sus Contornos	Sada	A Coruña
15026777	CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña	Santa Comba	A Coruña
15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	A Coruña
15027332	CEIP das Fontiñas	Santiago de Compostela	A Coruña
15024975	CEIP Pío XII	Santiago de Compostela	A Coruña
15019359	CEIP Plurilingüe Monte dos Postes	Santiago de Compostela	A Coruña
15017041	CEIP A Igrexa-Calo	Teo	A Coruña
15017314	CEIP Plurilingüe de Toques	Toques	A Coruña
15019372	CEIP Plurilingüe San Vincenzo	Vimianzo	A Coruña
15019086	CEIP Labarta Pose	Zas	A Coruña
15013199	CEP Plurilingüe Salustiano Rey Eiras	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
15025220	CEP Plurilingüe de Ventín	Ames	A Coruña
15023430	CEP Xosé María Brea Segade	Rianxo	A Coruña
15013163	EEl Fernández Varela	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
15032561	CRA de Bergondo	Bergondo	A Coruña
15032480	CRA de Culleredo	Culleredo	A Coruña
15032492	CRA de Dodro	Dodro	A Coruña
15027551	CRA de Rianxo	Rianxo	A Coruña
15026169	CRA de Teo	Teo	A Coruña
15006729	CEE Terra de Ferrol	Ferrol	A Coruña

Código	Centro	Concello	Provincia
15032327	CEE O Pedroso	Santiago de Compostela	A Coruña
15003881	CPI Alcalde Xosé Pichel	Coristanco	A Coruña
15008714	CPI Plurilingüe da Picota	Mazaricos	A Coruña
15009241	CPI Plurilingüe Virxe da Cela	Monfero	A Coruña
15014738	CPI Plurilingüe dos Dices	Rois	A Coruña
15032650	EPAPU de Teixeiro	Curtis	A Coruña
15025530	IES da Pobra do Caramiñal	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
15032807	IES do Milladoiro	Ames	A Coruña
15027733	IES de Arzúa	Arzúa	A Coruña
15026698	IES Espiñeira	Boiro	A Coruña
15023338	IES Praia Barraña	Boiro	A Coruña
15002581	IES Alfredo Brañas	Carballo	A Coruña
15002591	IES Monte Neme	Carballo	A Coruña
15032923	IES de Carral	Carral	A Coruña
15026376	IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña
15003212	IES Agra de Raíces	Cee	A Coruña
15003224	IES Fernando Blanco	Cee	A Coruña
15021470	IES Canido	Ferrol	A Coruña
15006742	IES Concepción Arenal	Ferrol	A Coruña
15006687	IES de Catabois	Ferrol	A Coruña
15025566	IES Ferrol Vello	Ferrol	A Coruña
15006791	IES Saturnino Montojo	Ferrol	A Coruña
15008817	IES de Melide	Melide	A Coruña
15026388	IES Plurilingüe Fontexería	Muros	A Coruña
15025268	IES As Telleiras	Narón	A Coruña
15027216	IES Fernando Esquío	Neda	A Coruña
15026731	IES Campo de San Alberto	Noia	A Coruña
15010812	IES Virxe do Mar	Noia	A Coruña
15026121	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	Oleiros	A Coruña
15027782	IES Ordes	Ordes	A Coruña
15027964	IES de Oroso	Oroso	A Coruña
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	A Coruña
15026406	IES Eduardo Pondal	Ponteceso	A Coruña
15027711	IES Leliadoura	Ribeira	A Coruña
15032662	IES O Mosteirón	Sada	A Coruña
15026030	IES Terra de Xallas	Santa Comba	A Coruña
15025301	IES Arcebispo Xelmírez II	Santiago de Compostela	A Coruña

Código	Centro	Concello	Provincia
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	A Coruña
15027411	IES de Cacheiras	Teo	A Coruña
15027368	IES Maximino Romero de Lema	Zas	A Coruña
15000338	CPI As Mirandas	Ares	A Coruña
15001926	CPI As Revoltas	Cabana de Bergantiños	A Coruña
15007400	CPI de Ponte Carreira	Frades	A Coruña
15019281	CPI de Zas	Zas	A Coruña
15032194	EOI de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	A Coruña
15027617	CMUS Profesional Xan Viaño	Ferrol	A Coruña
27003850	CEIP Plurilingüe Santa María	A Fonsagrada	Lugo
27000629	CEIP Plurilingüe San Xoán	Becerreá	Lugo
27001087	CEIP Rosalía de Castro	Bóveda	Lugo
27001609	CEIP Ramón Falcón	Castro de Rei	Lugo
27020859	CEIP Península da Paz	Cervo	Lugo
27005056	CEIP Plurilingüe Santo Estevo de Parga	Guitiriz	Lugo
27006292	CEIP As Gándaras	Lugo	Lugo
27006334	CEIP das Mercedes	Lugo	Lugo
27006395	CEIP Plurilingüe Benigno Quiroga Ballesteros	Lugo	Lugo
27013673	CEIP de Casás	Lugo	Lugo
27016467	CEIP Menéndez Pelayo	Lugo	Lugo
27016662	CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Lugo
27020801	CEIP Plurilingüe de Monterroso	Monterroso	Lugo
27012887	CEIP do Vicedo	O Vicedo	Lugo
27016406	CEIP Plurilingüe de Covas	Viveiro	Lugo
27016674	CEP Luís Tobío	Viveiro	Lugo
27005691	CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán	Xove	Lugo
27014811	IES Plurilingüe Fontem Albei	A Fonsagrada	Lugo
27016297	IES Enrique Muruais	A Pontenova	Lugo
27016649	IES Alfoz - Valadouro	Alfoz	Lugo
27013958	IES Monte Castelo	Burela	Lugo
27003175	IES Val do Asma	Chantada	Lugo
27020562	IES de Foz	Foz	Lugo
27015773	IES Muralla Romana	Lugo	Lugo
27006553	IES Xoán Montes	Lugo	Lugo
27006966	IES Plurilingüe San Rosendo	Mondoñedo	Lugo
27007247	IES Francisco Daviña Rey	Monforte de Lemos	Lugo
27016352	IES do Camiño	Palas de Rei	Lugo

Código	Centro	Concello	Provincia
27015189	IES de Quiroga	Quiroga	Lugo
27013326	IES Lois Peña Novo	Vilalba	Lugo
27013648	IES Vilar Ponte	Viveiro	Lugo
27003655	CPI Poeta Uxío Novoneyra	Folgoso do Courel	Lugo
27005913	CPI Ramón Piñeiro	Láncara	Lugo
27016421	EOI de Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Lugo
27020628	EOI de Viveiro Luz Pozo Garza	Viveiro	Lugo
27020707	CDAN Conservatorio Profesional de Danza	Lugo	Lugo
32011755	CEIP Manuel Respino	A Rúa	Ourense
32000058	CEIP Padre Feijoo	Allariz	Ourense
32001002	CEIP Xoaquín Lourenzo Xocas	Bande	Ourense
32003059	CEIP San Marcos	Cartelle	Ourense
32003771	CEIP Plurilingüe Curros Enríquez	Celanova	Ourense
32006000	CEIP Emilia Pardo Bazán	Leiro	Ourense
32015116	CEIP Plurilingüe Condessa de Fenosa	O Barco de Valdeorras	Ourense
32016327	CEIP A Ponte	Ourense	Ourense
32009153	CEIP Mariñamansa	Ourense	Ourense
32015190	CEIP Plurilingüe Albino Núñez	Ourense	Ourense
32008847	CEIP Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso	Ourense	Ourense
32008392	CEIP Plurilingüe Inmaculada	Ourense	Ourense
32008801	CEIP Plurilingüe Irmáns Villar	Ourense	Ourense
32011901	CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño	Rubiá	Ourense
32013521	CEIP Princesa de España	Verín	Ourense
32014501	CEIP Plurilingüe Rodolfo Núñez Rodríguez	Vilardevós	Ourense
32004829	CEIP Rosalía de Castro	Xinzo de Limia	Ourense
32015529	CEE O Pino	Ourense	Ourense
32016340	IES Aquis Querquernis	Bande	Ourense
32008941	IES Eduardo Blanco Amor	Ourense	Ourense
32015475	IES O Ribeiro	Ribadavia	Ourense
32016790	IES Castro de Baronceli	Verín	Ourense
32013582	IES García-Barbón	Verín	Ourense
32015232	IES Lagoa de Antela	Xinzo de Limia	Ourense
32015177	CPI de Padrenda-Crespos	Padrenda	Ourense
36003480	CEIP Agolada	Agolada	Pontevedra
36000181	CEIP Amor Ruibal	Barro	Pontevedra

Código	Centro	Concello	Provincia
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	Pontevedra
36000375	CEIP Plurilingüe da Torre-Cela	Bueu	Pontevedra
36000508	CEIP Plurilingüe de Castrelo	Cambados	Pontevedra
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	Pontevedra
36015093	CEIP San Tomé	Cambados	Pontevedra
36018975	CEIP A Rúa	Cangas	Pontevedra
36001057	CEIP de O Hío	Cangas	Pontevedra
36001690	CEIP Antonio Blanco Rodríguez	Covelo	Pontevedra
36001707	CEIP Pl. Manuel Sieiro	Crecente	Pontevedra
36004149	CEIP Xoaquín Loriga	Lalín	Pontevedra
36004681	CEIP de Seixo	Marín	Pontevedra
36004691	CEIP de Coirón-Dena	Meaño	Pontevedra
36016607	CEIP de Quintela	Moaña	Pontevedra
36013552	CEIP de Seara	Moaña	Pontevedra
36005142	CEIP Plurilingüe de Santa Lucía	Moraña	Pontevedra
36005245	CEIP Mestre Martínez Alonso	Mos	Pontevedra
36017648	CEIP Mestre Valverde Mayo	Mos	Pontevedra
36013564	CEIP Pl. Pena De Francia	Mos	Pontevedra
36005956	CEIP Carlos Casares	Nigrán	Pontevedra
36003807	CEIP Rosalía de Castro	O Grove	Pontevedra
36018100	CEIP As Bizocas	O Grove	Pontevedra
36014878	CEIP Plurilingüe de Conmeniño	O Grove	Pontevedra
36018422	CEIP Plurilingüe de Atios	O Porriño	Pontevedra
36007023	CEIP Xosé Fernández López	O Porriño	Pontevedra
36017715	CEIP Plurilingüe Antonio Palacios	O Porriño	Pontevedra
36006067	CEIP Mestre Manuel García	Oia	Pontevedra
36007199	CEIP Plurilingüe Isidora Riestra	Poio	Pontevedra
36007591	CEIP Manuel Cordo Boullosa	Ponte Caldelas	Pontevedra
36007539	CEIP Fermín Bouza Brey	Ponteareas	Pontevedra
36016954	CEIP P. Mestre Ramiro Sabell Mosquera	Ponteareas	Pontevedra
36006122	CEIP A Xunqueira nº 1	Pontevedra	Pontevedra
36015172	CEIP A Xunqueira nº2	Pontevedra	Pontevedra
36018690	CEIP de Cabanas	Pontevedra	Pontevedra
36006316	CEIP Daría González García	Pontevedra	Pontevedra
36006353	CEIP de Villaverde-Mourete	Pontevedra	Pontevedra
36007631	CEIP de Porto Cabeiro	Redondela	Pontevedra

Código	Centro	Concello	Provincia
36014881	CEIP P. Alexandre Bóveda	Redondela	Pontevedra
36008751	CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón	Salvaterra de Miño	Pontevedra
36008829	CEIP Magaláns-Dorrón	Sanxenxo	Pontevedra
36008805	CEIP Plurilingüe de Portonovo	Sanxenxo	Pontevedra
36008878	CEIP Plurilingüe Cruceiro	Sanxenxo	Pontevedra
36019104	CEIP Plurilingüe de Nantes	Sanxenxo	Pontevedra
36009135	CEIP Plurilingüe de Silleda	Silleda	Pontevedra
36001665	CEIP de Tenorio	Tenorio	Pontevedra
36009494	CEIP Plur. de Tebra	Tomíño	Pontevedra
36009895	CEIP Nº 2	Tui	Pontevedra
36018471	CEIP de Rebordáns	Tui	Pontevedra
36016668	CEIP de Caldelas	Tui	Pontevedra
36010125	CEIP De Fonte Escura	Vigo	Pontevedra
36010228	CEIP A Paz	Vigo	Pontevedra
36015354	CEIP Plurilingüe da Carrasqueira	Vigo	Pontevedra
36010472	CEIP Plurilingüe Ría de Vigo	Vigo	Pontevedra
36009974	CEIP Coutada-Beade	Vigo	Pontevedra
36010241	CEIP Illas Cíes	Vigo	Pontevedra
36010071	CEIP Santa Mariña	Vigo	Pontevedra
36010083	CEIP Carballal Cabral	Vigo	Pontevedra
36016061	CEIP A Doblada	Vigo	Pontevedra
36015366	CEIP Plurilingüe O Pombal	Vigo	Pontevedra
36010587	CEIP Sárdoma Moledo	Vigo	Pontevedra
36010460	CEIP Alfonso D Rguez. Castelao	Vigo	Pontevedra
36010150	CEIP Mestres Goldar	Vigo	Pontevedra
36010678	CEIP Pluril. Paraixal	Vigo	Pontevedra
36010708	CEIP Emilia Pardo Bazán	Vigo	Pontevedra
36010721	CEIP P. Ramón y Cajal	Vigo	Pontevedra
36012183	CEIP Nosa Señora da Piedade	Vila de Cruces	Pontevedra
36012407	CEIP A Lomba	Vilagarcía de A.	Pontevedra
36015652	CEIP O Piñeiriño	Vilagarcía de A.	Pontevedra
36012584	CEIP Pl. Rosalía de Castro	Vilagarcía de A.	Pontevedra
36015263	CEIP Pl. de Rubiáns	Vilagarcía de A.	Pontevedra
36012742	CEIP Pl. De Vilaxoán	Vilagarcía de A.	Pontevedra
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	Pontevedra
36012985	CEIP Plurilingüe de Sestelo-Baión	Vilanova de Arousa	Pontevedra
36064220	CEP Campolongo	Pontevedra	Pontevedra

Código	Centro	Concello	Provincia
36019611	CEP Marcos da Portela	Pontevedra	Pontevedra
36007710	CEP Santa Mariña	Redondela	Pontevedra
36016966	CEP Carlos Casares	Salvaterra de Miño	Pontevedra
36018161	CEP Pl. Xesús Ferro Couselo	Valga	Pontevedra
36010711	CEP Dr. Fléming	Vigo	Pontevedra
36014556	CEP Pluril. Santa Tegra	Vigo	Pontevedra
36014982	EEI O Grupo	Marín	Pontevedra
36016796	EEI de Verducedo	Moaña	Pontevedra
36016814	EEI do Con	Moaña	Pontevedra
36015160	EEI As Dunas Panxón	Nigrán	Pontevedra
36014799	EEI Vila Laura	Vigo	Pontevedra
36024173	CRA María Zambrano	O Rosal	Pontevedra
36024069	CRA A Picaraña	Ponteareas	Pontevedra
36024070	CRA A Lagoa	Salvaterra de Miño	Pontevedra
36024161	CRA de Valga	Valga	Pontevedra
36024756	CEE de Panxón	Nigrán	Pontevedra
36010733	CEE Saladino Cortizo	Vigo	Pontevedra
36002359	IES Antón Losada Diéguez	A Estrada	Pontevedra
36020258	IES Nº 1	A Estrada	Pontevedra
36020283	IES da Illa de Arousa	A Illa de Arousa	Pontevedra
36019402	IES Pazo da Mercé	As Neves	Pontevedra
36019657	IES Primeiro de Marzo	Baiona	Pontevedra
36020234	IES de Barro	Barro	Pontevedra
36020246	IES Illa de Ons	Bueu	Pontevedra
36000481	IES Ramón Cabanillas	Cambados	Pontevedra
36000922	IES María Soliño	Cangas	Pontevedra
36018501	IES Monte Carrasco	Cangas	Pontevedra
36019323	IES Chano Piñeiro	Forcarei	Pontevedra
36004551	IES Illa de Tambo	Marín	Pontevedra
36020295	IES Mestre Landín	Marín	Pontevedra
36020301	IES de Meaño	Meaño	Pontevedra
36018999	IES As Barxas	Moaña	Pontevedra
36015184	IES Escolas Proval	Nigrán	Pontevedra
36019232	IES Monte da Vila	O Grove	Pontevedra
36020341	IES de Poio	Poio	Pontevedra
36020313	IES de Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra
36019268	IES Gonzalo Torrente Ballester	Pontevedra	Pontevedra

Código	Centro	Concello	Provincia
36020325	IES Illa de San Simón	Redondela	Pontevedra
36016656	IES Pedro Floriani	Redondela	Pontevedra
36019751	IES Antón Alonso Ríos	Tomíño	Pontevedra
36009901	IES San Paio	Tui	Pontevedra
36019426	IES Coruxo	Vigo	Pontevedra
36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	Pontevedra
36016681	IES Carlos Casares	Vigo	Pontevedra
36017430	IES Ricardo Mella	VIGO	Pontevedra
36018461	IES República Oriental do Uruguai	Vigo	Pontevedra
36019050	IES De Beade	Vigo	Pontevedra
36011567	IES Castelao	Vigo	Pontevedra
36014601	IES Álvaro Cunqueiro	Vigo	Pontevedra
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Pontevedra
36019414	IES A Basella	Vilanova de Arousa	Pontevedra
36024203	IES Faro das Lúas	Vilanova de Arousa	Pontevedra
36001148	CPI da Cañiza	A Cañiza	Pontevedra
36024598	EOI de Vilagarcía	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36024586	Escola Superior de Arte Dramática	Vigo	Pontevedra

ANEXO II

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
1. Antigüidade (máximo 5 puntos). Baremación de oficio desta epígrafe agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
1.1. Por cada ano de servizos como persoal funcionario que superen os cinco exixidos como requisitos: A fracción de mes computarase por 0,041 puntos	0,50	Certificación ou folia de servizos expedida pola xefatura territorial correspondente ou copia simple do título administrativo coas dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como persoal funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Por cada ano de servizos como persoal funcionario noutros corpos ou escalas docentes que impartan algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: A fracción de mes computarase por 0,020 puntos	0,25	Certificación ou folia de servizos expedida pola xefatura territorial correspondente ou copia simple do título administrativo coas dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como persoal funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
2. Desempeño da dirección de centros públicos e outros cargos directivos e de postos na Administración educativa (máximo 5 puntos). Baremación de oficio desta epígrafe agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
2.1. Por cada ano como persoa titular da dirección dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: A fracción de mes computarase por 0,083 puntos	1	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.2. Por cada ano como persoa titular da dirección dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta: A fracción de mes computarase por 0,041 puntos	0,50	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento
2.3. Por cada ano como persoa titular da subdirección ou xefatura de servizo en postos da Administración educativa: A fracción de mes computarase por 0,041 puntos	0,50	Copia simple a do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
2.4. Por cada ano como persoa titular da vicedirección, subdirección, secretaria ou xefatura de estudos dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: A fracción de mes computarase por 0,041 puntos	0,50	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento
2.5. Por cada ano como persoa titular da vicedirección, subdirección, secretaria ou xefatura de estudos dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: A fracción de mes computarase por 0,020 puntos	0,25	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.6. Por cada ano como persoa titular da xefatura de departamento, coordinación dos equipos de normalización lingüística, coordinación de ciclo, coordinación do proxecto Abalar, coordinación de centro plurilingüe, coordinación de sección bilingüe, coordinación de auxiliares de conversa, responsable/coordinación do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable/coordinación da dinamización das TIC, responsable/coordinación de biblioteca, responsable/coordinación da convivencia escolar, responsable da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinación do equipo de dinamización da lingua galega, coordinación de formación en centros de traballo, coordinación do bacharelato internacional, coordinación de emprendemento, coordinación de programas internacionais, coordinación de innovación e formación do profesorado, coordinación de biblioteca de centro integrado, coordinación de residencia, xefatura de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesoría de formación permanente, asesoría Abalar, asesoría Siega, dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: A fracción de mes computarase por 0,012 puntos	0,15	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e de posesión e cesamento
3. Méritos académicos: máximo 1 punto. Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
3.1. Por cada título de doutorado:	0,50	Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010 de 5 de agosto (BOE de 6 de agosto).
3.2. Por cada título de licenciatura, enxeñería ou arquitectura distinto do alegado para ingreso no corpo, ou polo certificado-diploma de estudos avanzados:	0,30	Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010 de 5 de agosto (BOE de 6 de agosto).
3.3. Por cada título de grao distinto do alegado para ingreso no corpo	0,25	Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (B=E do 6 de agosto)
3.4. Por cada título de diplomatura universitaria ou equivalente distinto do alegado para ingreso no corpo:	0,15	Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010 de 5 de agosto (BOE de 6 de agosto).
4. Cursos de formación: máximo 3 puntos. Baremación de oficio desta epígrafe agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica. Por cursos de formación relacionados coa función directiva organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións citadas con anterioridade, así como os organizados polas Universidades: 0,05 puntos por cada 10 horas.		
4.1. Por actividades e cursos recibidos:	Ata 2	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
4.2. Por cursos impartidos:	Ata 1	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de impartición no curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
5. Corpo de catedráticos. Baremación de oficio desta epígrafe.		
Por pertencer a un dos corpos de catedráticos regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:	0,50	Baremación de oficio deste mérito.
6. Proxecto de dirección.		

<i>Méritos</i>	<i>Puntos</i>	<i>Documentación xustificativa</i>
Polo proxecto de dirección:	Ata 12	Orixinal deste.

Disposición complementaria única.

Na valoración do proxecto de dirección aplicaranse os seguintes criterios:

Epígrafes do proxecto	Puntuación máxima
Presentación e fundamentos do proxecto	2
Obxectivos	3
Plans e liñas de actuación	4
Avaliación do proxecto	3



ANEXO III

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A ELECCIÓN E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSEÑANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN

DNI: _____ **APELIDOS E NOME:** _____

DATOS DE IDENTIFICACIÓN			
Corpo:		DNI:	
Nome:			
Primeiro apelido:			
Segundo apelido:			
Año da convocatoria do proceso selectivo polo que se ingresou no corpo		Puntuación obtida:	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Rúa e número:		Código postal:	
Localidade:		Teléfono:	
Correo electrónico:		Teléfono móbil:	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa solicitante ou representante **DECLARA:**

1. Que son certos todos os datos contidos na solicitude e na documentación achegada.
2. Que a documentación achegada é copia fiel dos orixinais que constan no seu poder.

DATOS DE DESTINO	
Marque cun "X" o tipo de destino que proceda	<input type="checkbox"/> Destino definitivo nos cursos 2021-2022 e 2022-2023
	<input type="checkbox"/> Destino provisional no curso 2022-2023
	<input type="checkbox"/> Ningunha das situacións anteriores, último destino definitivo
Centro:	
Localidade:	
Provincia:	
Praza ou posto dende o que participa:	

CENTRO DOCENTE QUE SOLICITA		
Código	Centro	Concello

.....de..... de 2023

Sinatura da persoa interesada

Consellería de Cultura, Educación, Formación Provisional e Universidades
 Xefatura Territorial de